

BANDO

Campamentos de verán específicos para persoas con discapacidade 2019

Infórmase á veciñanza que a **Consellería de Política Social**, abriu o prazo de presentación de solicitudes de praza nos **Campamentos de Verán Específicos** dirixido a **persoas de 11 a 40 anos de idade cunha discapacidade unha porcentaxe igual ou superior ao 33%**.

Requisitos

Ter recoñecida unha discapacidade cunha porcentaxe igual ou superior ao 33%.
Ter unha idade comprendida entre os 11 e os 40 anos. Ter cumprida a idade mínima establecida ao inicio da quenda e non superar a máxima á súa finalización.
Estar empadroadas nalgún concello de Galicia.
Non presentar trastornos que poidan alterar a convivencia durante o transcurso da actividade.
Ter unha capacidade mínima de comunicación e de participación nas actividades que se van desenvolver e ter unha mobilidade acorde coas características da instalación que solicita.

Servizos ofertados

Aloxamento en albergue, residencia ou apartamento, segundo o destino solicitado e Manutención en réxime de pensión completa.
Programa de actividades de animación sociocultural e Material necesario para a actividade.
Equipo técnico de persoal especializado en animación sociocultural, actividades de tempo libre e náuticas.
Atención sanitaria de primeiros auxilios e seguro de accidentes

Destinos	Actividades	Idades	Datas
Albergue Xuvenil de Gandarío Bergondo. A Coruña.	Natureza xunto ao mar 	de 11 a 14 anos	do 15 ao 24 de agosto
		de 15 a 18 anos	do 15 ao 24 de agosto
		de 19 a 25 anos	do 1 ao 10 de agosto
		de 26 a 40 anos	do 1 ao 10 de agosto
		de 26 a 40 anos	do 29 de agosto ao 7 de setembro
Residencia de Tempo Libre Panxón. Nigrán. Pontevedra.	Aventura na natureza	de 15 a 18 anos	do 1 ao 10 de setembro
		de 19 a 25 anos	do 1 ao 10 de xullo
		de 26 a 40 anos	do 1 ao 10 de xullo
Residencia de Tempo Libre Carballiño Carballiño. Ourense	Aventura na natureza	de 11 a 14 anos	do 22 ao 31 de agosto
		de 19 a 25 anos	do 5 ao 14 de xullo
		de 26 a 40 anos	do 5 ao 14 de setembro

Prezos

Prezo xeral: 125 € | Prezo con Título de familia numerosa: 62,5€ | Prezo con Carné xove: 93,75€

Modelo de solicitude e de informe médico

A solicitude e o informe médico formalizarase nos impresos oficiais e terán que estar asinados polos pais/nais ou titores das persoas con discapacidade e polo persoal médico, segundo corresponda.
Estes impresos están á disposición das persoas interesadas na páxina web :
<http://politicassocial.xunta.gal/web/portal/portada>

Prazo e lugares de presentación de solicitudes

Ata o día 3 de maio nos servizos de Xuventude e Voluntariado das xefaturas territoriais da Consellería de Política Social, nos servizos sociais dos centros sanitarios ou nos servizos sociais comunitarios dos concellos. Para máis Información e presentación de solicitudes poden dirixirse ao **Servizo Social Comunitario** deste Concello os **luns, de 10 a 14 horas, e os martes e venres de 9 a 14 horas.**

Pontecesures, 4 de abril de 2019

O ALCALDE,
Juán Manuel Vidal Seage
(asinado dixitalmente ao marxe)